3. Vai a Xunta de Galicia modificar o acordo de xestión da Área Sanitaria de Vigo, para que o tempo medio de espera para unha cirurxía en prioridade 1, sexa inferior a 17,4 días que son os días de espera a 31/12/2024?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

123266

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 01/10/2025 18:49:14

Paloma Castro Rey na data 01/10/2025 18:49:22

Carlos López Font na data 01/10/2025 18:50:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35422
Data envío: 01/10/2025 19:06:11.534



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 35422
Data envío: 01/10/2025 19:06:11.534

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/10/2025 19:06:12

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:00:53
Nº Rexistro: 35431
Data envío: 02/10/2025 11:00:53,997

Asinado o día 02/10/2025
10:59
Por Víctor Baladrón L

Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

En Galicia levamos anos traballando e impulsando, no ámbito das competencias autonómicas, medidas extraordinarias que buscan paliar a falta profesionais da saúde e, deste xeito, que se poida garantir a asistencia sanitaria á poboación nas mellores condicións.

A situación actual de déficit de profesionais de determinadas especialidades e na atención primaria, compartida por todas as comunidades autónomas, require tamén da implicación e concurso do Goberno de España, que leva sete anos ignorando gran parte das demandas das autonomías.

Con todo, neste mesmo marco, medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para a incorporación de novos profesionais sanitarios ao sistema e de cara a procurar a mellor organización dos recursos humanos dispoñibles, inclúe tamén iniciativas laborais, ademais das económicas, para mellorar o atractivo das prazas ofertadas na nosa comunidade.

Estas medidas foron moi diversas: desde a elaboración de manuais de coberturas para favorecer o traballo dos profesionais ata a aprobación dunha Lei que nos permitiu ofertar prazas por concurso de méritos, sen esquecer o notable avance na estabilidade laboral ou no proceso de consolidación de prazas.

O Goberno da Xunta de Galicia si actuou e actúa diante da inacción do Goberno que preside Pedro Sánchez ou do Ministerio de Sanidade que xestiona Sumar. Fixemos uso das nosas competencias levando a cabo medidas que permitisen ou polo menos contribuísen a paliar esta escaseza de profesionais.

Asinado o día 02/10/2025 ás
10:59
Por Raquel Arias Rodríguez

Asinado o día 02/10/2025 ás 10:59
Por María Encarnación Amigo
Díaz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que medidas adoptou o Goberno galego có obxectivo de reter e atraer profesionais da medicina no ámbito laboral e económico?
- 2.- Que valoración fai o Goberno galego das medidas adoptadas, no marco das competencias autonómicas, para paliar esta escaseza de profesionais?
- 3.- Cales son as principais reivindicacións trasladadas polas comunidades autónomas ao Goberno de España no obxectivo de paliar o problema común que supón a falta de profesionais da saúde e, así garantir a asistencia sanitaria á poboación nas mellores condicións?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/10/2025 10:59:03

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2025 10:59:16

Víctor Baladrón Lamas na data 02/10/2025 10:59:34

Nicole Grueira Fernández na data 02/10/2025 10:59:48

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/10/2025 10:59:57

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/10/2025 11:00:11

Noelia Pérez López na data 02/10/2025 11:00:22

Ethel Vázquez Mourelle na data 02/10/2025 11:00:31

Maria Magdalena Perez Millares na data 02/10/2025 11:00:38



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:00:53
Nº Rexistro: 35431
Data envío: 02/10/2025 11:00:53,997

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:00:55

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:08:51
Nº Rexistro: 35434
Data envío: 02/10/2025 11:08:51.050

Asinado o día 02/10/2025
11:06
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o peche dunha vivenda comunitaria en Amoeiro por graves irregularidades na atención ás residentes.

Asinado o día 02/10/2025 ás
11:06
Por Noa Presas Bergantiños

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven de acordar o peche dunha vivenda comunitaria no lugar de Cerval no concello de Amoeiro tras detectar graves deficiencias na atención e xestión do durante nunha inspección realizada recentemente.

Segundo distintas manifestacións de familiares de residentes recollidas en distintos medios de comunicacións o Centro incorría en múltiples irregularidades, tanto na alimentación das maiores, chegando a afirmar que as persoas residentes “estaban sen comer” e que mesmo “onte nos conxeladores do centro non había alimentos”, denunciando a existencia de graves deficiencias no aseo das persoas. O persoal do centro non só era insuficiente, senón que o que había carecía de contrato de traballo e que “por sistema ningún dos traballadores tiña papeis”

As graves irregularidades e deficiencias na atención ás maiores que implicou o peche do Centro e o necesario traslado das residentes a outros centros, na súa maioría de distinta comarca, provocou unha evidente alarma social, tanto polas importantes deficiencias detectadas, como tamén polo feito de que puideran non ser novidasas, senón que xa se viñeran producindo dende había tempo.

Asinado o día 02/10/2025 ás
11:06
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cando foi a data da última inspección realizada á Vivenda Comunitaria Jardín no concello de Amoeiro?

Cales foron as infraccións e/ou irregularidades detectadas nesa inspección?

A inspección realizouse por estar dentro da programación ordinaria de visitas de inspección ou realizouse como consecuencia dunha queixa ou denuncia?

No seu caso, cando se rexistrou a denuncia?

Cónstalle a Xunta a existencia de denuncias ou queixas previas en relación a ese Centro?

Inspeccionaron o servizos da Xunta ese centro con anterioridade?

No seu caso en que datas e con que resultado?

Incoara a Xunta procedemento sancionador por infraccións cometidas nese Centro?

En que consistiron as infraccións e cal foi o resultado do procedemento sancionador?

Cónstalle a Xunta de Galiza se a información relativa a este Centro contida no RUEPSS é legalmente exixida ou tamén neste aspecto existen incumprimentos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/10/2025 11:06:30

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2025 11:06:37

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2025 11:06:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:08:51
Nº Rexistro: 35434
Data envío: 02/10/2025 11:08:51.050



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:08:51
Nº Rexistro: 35434
Data envío: 02/10/2025 11:08:51.050

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:08:51

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza aumente a oferta pública do Mestrado en profesorado en diálogo coas tres universidades públicas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os denominados mestrados habilitantes son aqueles que permiten exercer unha profesión regulada no Estado español. Estes mestrados, entre os que destaca o de formación do profesorado, teñen cada vez máis demanda provocando que a oferta pública non sexa suficiente e que a opción das universidades privadas sexa cada vez máis escollida por todas aquelas persoas que poidan pagar estas titulacións.

Deste xeito, podemos observar como por primeira vez na historia as prazas en mestrados privados no Estado español superaron por primeira vez ás públicas no ano 2024, supoñendo un 50,3% do total. Para poder entender o crecemento exponencial da universidade privada soamente temos que ollar os datos que nos din que hai 10 anos a porcentaxe de mestrados privados era case un 20% menor, supoñendo soamente o 32,5% do total.

Tristemente, estes datos son moito peores no que se refire ao caso dun mestrado habilitante como é o de formación do profesorado, xa que no conxunto do Estado soamente se ofertaron, segundo os últimos datos dispoñibles unhas 23.000 prazas en universidades públicas fronte a unhas 40.000 en universidades privadas, o que supón un 36'6% fronte a un 63,4%.

Asinado o día 02/10/2025 ás
11:10
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 02/10/2025 ás
11:10
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alén do dito, podemos observar como a tendencia privatizadora cada vez vai a máis, evidenciando que a oferta pública é absolutamente insuficiente, tamén en Galiza, como podemos ver xa en estudos do ano 2021 que mostraban como case 3 de cada 4 alumnos quedaban sen praza neste mestrado no noso país.

Corrobórase polo tanto que a demanda supera amplamente á oferta, provocando que as universidades privadas aumenten cada vez máis os seus beneficios, captando a todas esas persoas que quedan sen praza na pública e que se poden permitir o pago na privada, xa que o custe nestas universidades é inmensamente superior ao das públicas.

Polo tanto, desde o BNG consideramos que o goberno galego debe poñer fin a esta situación inxusta que o único que xera é desigualdade para poder obter unhas titulacións que son obrigatorias para poder exercer no Estado español.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Está disposta a Xunta de Galiza a aumentar o número de prazas públicas no mestrado universitario en profesorado?
- Considera axeitada a Xunta de Galiza a oferta ofrecida para este mestrado no Sistema Universitario Galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/10/2025 11:10:14

Cristina Fernández Davila na data 02/10/2025 11:10:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:11:19
Nº Rexistro: 35439
Data envío: 02/10/2025 11:11:19.013

CSV: BOPGDSPG-oyhnoLSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:11:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:11:19
Nº Rexistro: 35439
Data envío: 02/10/2025 11:11:19.013

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:16
Nº Rexistro: 35450
Data envío: 02/10/2025 11:45:16.041

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:38
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Aitor Bouza Manso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O día 30 de abril de 2025 asinouse un protocolo de actuación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Consorcio para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a Consellería de Sanidade e as tres universidades públicas galegas, no que se comprometen a reestruturar a docencia nunha única facultade por universidade.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:38
Por Aitor Bouza Manso

Propoñen tamén o desenvolvemento dun plan de mellora da docencia nun prazo de 4 anos. Segundo se determina neste protocolo, a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo quedaría integrada como sección dependente de Enfermería da USC. A día de hoxe, non existen prazos nin modelo definido, só o avance achegado pola USC, en colaboración coa Consellería de Sanidade, de que exista unha única Facultade de Enfermería, da que dependerán tanto o centro de Santiago como o de Lugo, organizando este proceso da mellor forma posible, segundo eles, a través dunha comisión.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:38
Por Lara Méndez López

A Escola de Enfermería de Lugo, que leva 50 anos implantada na nosa cidade, é propiedade do Sergas e está adscrita no plano docente á USC, aínda que os alumnos xa desfrutan das mesmas condicións xerais que os estudantes dos centros dependentes da universidade pública. Pero a posibilidade de converterse nunha sección da facultade con sede en Santiago está a xerar unha profunda inquietude, tal e como se constata polos escritos remitidos polo claustro de profesoras e profesores da Escola Universitaria de Enfermería de

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

123281

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:16
Nº Rexistro: 35450
Data envío: 02/10/2025 11:45:16.041

Lugo e desde a Academia de Enfermería de Galicia. Tal e como eles indican, e co que concorda este grupo parlamentario, esta medida supoñería a perda de autonomía organizativa e de xestión e unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, coa conseguinte dificultade de adaptación á realidade sanitaria da provincia, sen esquecer o posible impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

A esta preocupación engádase tamén a posibilidade de que se poida pechar unha sección dunha facultade dun xeito máis doado e áxil do que se poida facer no caso dun centro autónomo. Este grupo parlamentario únese a estas inquedanzas, dado que esta escola, ademais, é un dos centros universitarios que cobre rapidamente as prazas dispoñibles, dado que a demanda é moi alta, debido ao seu recoñecemento académico pola calidade dos seus estudos, o que evidencia, unha vez máis, o alto valor educativo de Lugo e inflúe, sen dúbida, na elección de centro para inicio da etapa universitaria.

Por todo isto, e baseándose na exposición de motivos, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Tendo en conta o protocolo asinado o 30 de abril de 2025 entre a Consellería, o ACSUG, a Consellería de Sanidade e as universidades públicas galegas, que prevé a integración da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo como sección dependente da Facultade de Enfermería da USC, pode indicar a Consellería que garantías ofrece para preservar a autonomía organizativa, a calidade docente e o recoñecemento institucional da Escola de Lugo como sede universitaria, así como os prazos e modelo concreto de aplicación deste proceso?

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

123282

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/10/2025 11:38:15

Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 11:38:24

Elena Espinosa Mangana na data 02/10/2025 11:38:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:16
Nº Rexistro: 35450
Data envío: 02/10/2025 11:45:16.041



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:45:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:16
Nº Rexistro: 35450
Data envío: 02/10/2025 11:45:16.041

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:36
Nº Rexistro: 35451
Data envío: 02/10/2025 11:45:36.020

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:39
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, Aitor Bouza Manso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 30 de abril de 2025 asinouse un protocolo de actuación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o Consorcio para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a Consellería de Sanidade e as tres universidades públicas galegas, no que se comprometen a reestruturar a docencia nunha única facultade por universidade.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:38
Por Aitor Bouza Manso

Propoñen tamén o desenvolvemento dun plan de mellora da docencia nun prazo de 4 anos. Segundo se determina neste protocolo, a Escola Universitaria de Enfermería de Lugo quedaría integrada como sección dependente de Enfermería da USC. A día de hoxe, non existen prazos nin modelo definido, só o avance achegado pola USC, en colaboración coa Consellería de Sanidade, de que exista unha única Facultade de Enfermería, da que dependerán tanto o centro de Santiago como o de Lugo, organizando este proceso da mellor forma posible, segundo eles, a través dunha comisión.

Asinado o día 02/10/2025 ás 11:38
Por Lara Méndez López

A Escola de Enfermería de Lugo, que leva 50 anos implantada na nosa cidade, é propiedade do Sergas e está adscrita no plano docente á USC, aínda que os alumnos xa desfrutan das mesmas condicións xerais que os estudantes dos centros dependentes da universidade pública. Pero a posibilidade de converterse nunha sección da facultade con sede en Santiago está a xerar unha profunda inquietude, tal e como se constata polos escritos remitidos polo claustro de profesoras e profesores da Escola Universitaria de Enfermería de

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

123285

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:36
Nº Rexistro: 35451
Data envío: 02/10/2025 11:45:36.020

Lugo e desde a Academia de Enfermería de Galicia. Tal e como eles indican, e co que concorda este grupo parlamentario, esta medida supoñería a perda de autonomía organizativa e de xestión e unha diminución do recoñecemento institucional e territorial de Lugo como sede universitaria, coa conseguinte dificultade de adaptación á realidade sanitaria da provincia, sen esquecer o posible impacto negativo na calidade da docencia, na formación clínica e na proxección local da profesión enfermeira.

A esta preocupación engádase tamén a posibilidade de que se poida pechar unha sección dunha facultade dun xeito máis doado e áxil do que se poida facer no caso dun centro autónomo. Este grupo parlamentario únese a estas inquedanzas, dado que esta escola, ademais, é un dos centros universitarios que cobre rapidamente as prazas dispoñibles, dado que a demanda é moi alta, debido ao seu recoñecemento académico pola calidade dos seus estudos, o que evidencia, unha vez máis, o alto valor educativo de Lugo e inflúe, sen dúbida, na elección de centro para inicio da etapa universitaria.

Por todo isto, e baseándose na exposición de motivos, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Tendo en conta o protocolo asinado o 30 de abril de 2025 entre a Consellería, o ACSUG, a Consellería de Sanidade e as universidades públicas galegas, que prevé a integración da Escola Universitaria de Enfermería de Lugo como sección dependente da Facultade de Enfermería da USC, pode indicar a Consellería que garantías ofrece para preservar a autonomía organizativa, a calidade docente e o recoñecemento institucional da Escola de Lugo como sede universitaria, así como os prazos e modelo concreto de aplicación deste proceso?

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

123286

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/10/2025 11:38:40

Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 11:38:47

Elena Espinosa Mangana na data 02/10/2025 11:39:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:36
Nº Rexistro: 35451
Data envío: 02/10/2025 11:45:36.020

CSV: BOPGDSPG-oyhnoLSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:45:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:45:36
Nº Rexistro: 35451
Data envío: 02/10/2025 11:45:36.020

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:47:22
Nº Rexistro: 35456
Data envío: 02/10/2025 11:47:22.232

Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No ano 1992 o Concello da Pontenova encomendou a empresa Xestur S.A o desenvolvemento do polígono industrial deste concello.

Ante a negativa de Xestur S.A e, polo tanto, da Xunta de Galicia de levar a cabo a finalización do plan parcial aprobado no seu inicio, polo alto custe que tería o metro cadrado de solo industrial resultante e o dano medioambiental, no ano 2015 chégase a un acordo entre o Concello da Pontenova e Xestur S.A de levar a cabo unha modificación puntual, coa finalidade de legalizar todo o solo do polígono (chegáronse a vender parcelas de solo urbanizable). Dita modificación incluía a supresión de parte do plan parcial (no máis difícil de actuar) e propoñía unha pequena ampliación cara a Chousa de Goios.

Con data 28 de xaneiro do 2016 o Pleno do Concello da Pontenova aprobou a modificación do convenio no que se acordou a redacción definitiva do polígono antigo e máis da ampliación.

- A. Ante a petición de varias persoas interesadas en mercar e construír no polígono do Concello da Pontenova.
- B. Sabendo que nos orzamentos da Xunta de Galicia o ano 2024 había máis de 400.000 € destinados a finalización do polígono e que no ano 2025 non se destinou ningunha partida.
- C. Dado que están rematando tódolos tramites administrativos ao respecto do polígono industrial (expropiación e urbanización)

Asinado o día 02/10/2025 ás
11:42
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 02/10/2025 ás
11:42
Por Lara Méndez López

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

123289

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:47:22
Nº Rexistro: 35456
Data envío: 02/10/2025 11:47:22.232

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é a previsión da Xunta de Galicia para garantir a continuidade e finalización do polígono industrial da Pontenova, tendo en conta o acordo asinado con Xestur en 2015, a aprobación plenaria da modificación do plan en 2016, e as demandas veciñais actuais, nun contexto no que xa remataron os trámites administrativos e existe interese real de implantación empresarial na zona?
2. Tendo en conta que no ano 2024 os orzamentos da Xunta de Galicia contemplaban unha partida de máis de 400.000 euros para a finalización do polígono industrial da Pontenova, pero que no exercicio 2025 esa partida desaparece, pode explicar a Consellería cales son os motivos da súa supresión e en que punto se atopa o proceso para facer efectiva a ampliación e urbanización do devandito polígono, co obxectivo de facilitar solo industrial dispoñible no concello?

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

123290

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 02/10/2025 11:42:06

Patricia Iglesias Rey na data 02/10/2025 11:42:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:47:22
Nº Rexistro: 35456
Data envío: 02/10/2025 11:47:22.232

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 11:47:22
Nº Rexistro: 35456
Data envío: 02/10/2025 11:47:22.232

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 11:47:22

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:37:15
Nº Rexistro: 35463
Data envío: 02/10/2025 12:37:15.773

Asinado o día 02/10/2025 ás 12:35
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza amplíe a Riotorto e á Pontenova a cobertura do Servizo de Hospitalización a Domicilio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza presentou en 2019 un Plan Galego de Hospitalización a Domicilio, co compromiso de proporcionar a toda a poboación de Galiza un acceso equitativo a unha hospitalización a domicilio de calidade os 365 días do ano.

Este servizo de atención asistencial permite achegar coidados de rango hospitalario ao domicilio das e dos pacientes de xeito efectivo e seguro, como alternativa á hospitalización convencional.

Segundo se recolle no propio documento, os distintos modelos asistenciais incluídos neste servizo están indicados, entre outras situacións, para pacientes con enfermidades crónicas complexas, persoas de idade avanzada ou pacientes oncolóxicos e oncolóxicas.

A extensión deste servizo foise ampliando, mais seis anos despois daquel compromiso, o concello de Riotorto, xunto co concello da Pontenova e demais concellos situados en zonas estremeiras dos distritos sanitarios seguen sen ter esta cobertura, o que supón unha discriminación para as e os pacientes que residen nestes municipios e que cumpren cos criterios clínicos para recibir este tipo de atención.

Asinado o día 02/10/2025 ás 12:35
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 02/10/2025 ás 12:35
Por Daniel Castro García





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Se ben o acceso equitativo aos servizos sanitarios públicos é un dereito irrenunciabile en calquera circunstancia, no caso de Riotorto e da Pontenova, a carencia deste servizo supón unha carga asistencial adicional para as e os profesionais do Centro de Saúde, xa mermado pola supresión, de facto, de parte das prazas de profesionais sanitarios cos que estes centros están dotados.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Está disposta a Xunta de Galiza a ampliar o servizo de Hospitalización a Domicilio aos concellos de Riotorto e da Pontenova?
- Cal é a razón pola cal os concellos de Riotorto e A Pontenova non contan co servizo de Hospitalización a Domicilio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/10/2025 12:35:30

Iria Carreira Pazos na data 02/10/2025 12:35:40

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2025 12:35:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:37:15
Nº Rexistro: 35463
Data envío: 02/10/2025 12:37:15.773

CSV: BOPGDSPG-oyhnoLSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 12:37:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:37:15
Nº Rexistro: 35463
Data envío: 02/10/2025 12:37:15.773

CSV: BOPGDSPG-oyhnoLSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa aos expedientes abertos contra algún traballador home desde o Centro de Menores Avelino Montero entre o último trimestre de 2016 e o ano 2017 que a Xunta de Galiza oculta a este Grupo Parlamentario impedindo os seus dereitos democráticos de acceso á información.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde xaneiro de 2025 este Grupo Parlamentario leva solicitando información concreta ao goberno galego respecto dun caso do que tivo coñecemento e que debe ser fiscalizado.

A través de distintos recursos a administración galega desenvolve a competencia exclusiva en materia de asistencia social que lle outorga o disposto no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía e, concretamente, o que atinxe á protección das e dos menores e á intervención de protección e reforma segundo as circunstancias concorrentes. Un destes recursos é o Centro de Menores Avelino Montero, centro de responsabilidade e xestión directa por parte da Xunta de Galiza, que opera desde o 26/02/1996 e conta con 30 prazas para menores en conflito entre 14 e 18 anos.

Segundo a normativa galega vixente, son centros de menores aqueles equipamentos destinados á atención de menores de idade que, de acordo coa normativa en vigor, estean en





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

situación de risco, desamparo ou conflito social, e nos que se desenvolven con regularidade programas e actividades dirixidos a este sector da poboación. Así mesmo, son centros residenciais de menores, como é o caso, aqueles equipamentos creados para facilitar unha atención especializada a aqueles menores que, por distintas circunstancias sociofamiliares, necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar ou internados baixo a aplicación de medidas xudiciais. Os centros deben reproducir as condicións de vida do menor da forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias.

A intervención con menores, singularmente cando falamos de contextos de reforma e protección, é especialmente sensible e deben articularse todos os mecanismos necesarios para garantir o éxito desta intervención e a protección das e dos menores. De forma especial, cando estamos a falar de menores en especial situación de vulnerabilidade, a Xunta de Galiza debe velar pola idoneidade do funcionamento dos centros e a adecuación do persoal. Entre as cuestións a ter en conta ocupa un lugar importante o tratamento adecuado aos e ás menores e o seu respecto.

Este Grupo Parlamentario tivo coñecemento da existencia dun expediente aberto contra un traballador substituto home deste centro entre os anos 2016 e 2017.

Por estes motivos, este Grupo Parlamentario rexistrou distintas iniciativas en xaneiro de 2025 que foron respondidas con evasivas por parte do goberno galego cando a redacción era suficientemente clara e cando, ademais, polas intervencións políticas das e dos responsables da Consellaría de Política Social e do Grupo que sostén o goberno galego na Cámara é evidente de que saben perfectamente de a que caso se refire este Grupo.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos expedientes e con que resultado se incoaron desde o Centro de Menores Avelino Montero entre 2016 e 2017 contra un traballador home substituto respecto da súa actuación cunha menor?

Algún coincide coas iniciais RFG?

Ten rexistro o goberno galego dalgunha comunicación respecto do tratamento a unha menor por parte dun traballador home substituto remitida pola dirección do centro?

Que actuacións desenvolveu o goberno galego ante a información trasladada polo centro á Xefatura de Vigo?

Apartouse a algún traballador deste centro? Por que razóns?

Que medidas de prevención se impulsaron a respecto desa situación? E para impedir que se volvesen repetir os feitos noutro centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2025 12:36:13

Ariadna Fernández González na data 02/10/2025 12:36:20

Carmela González Iglesias na data 02/10/2025 12:36:28

Alexandra Fernández Gómez na data 02/10/2025 12:36:39

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/10/2025 12:36:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:38:03
Nº Rexistro: 35466
Data envío: 02/10/2025 12:38:03,108



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 12:38:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 12:38:03
Nº Rexistro: 35466
Data envío: 02/10/2025 12:38:03,108

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:23:06
Nº Rexistro: 35478
Data envío: 02/10/2025 13:23:06.086

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A través de diferentes comisións e plenos vimos debatendo o cumprimento da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía coñecida como Lei Paz Andrade. A lei naceu dunha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) impulsada pola cidadanía e apoiada por máis de 17.000 sinaturas. É unha das poucas leis galegas de orixe cidadá aprobadas por unanimidade.

A lei foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de marzo de 2014 e publicada no DOG o 8 de abril de 2014. Fomentar o ensino da lingua portuguesa en Galicia, reforzar a conexión cultural, económica e institucional coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) e aproveitar a proximidade lingüística galego-portuguesa para abrir oportunidades no ámbito cultural, económico e internacional son os seus obxectivos fundamentais.

A educación, os medios de comunicación, a cooperación institucional e económica e a cultura son os ámbitos sobre os que actúa a lei. Ata o de agora, máis de 11 anos despois, os obxectivos da lei avanzaron con apenas resultados, xa que nunca se marcaron obxectivos anuais concretos para o cumprimento da mesma. Máis de 7.000 alumnos, a día de hoxe, entre EOI e secundaria estudan portugués en Galicia; implementando así as competencias das galegas e galegos con unha lingua estranxeira.

Pero a realidade é que a lei está “durmida” en cuanto a marcar obxectivos (fai apenas un ano que finalmente constituíron o Observatorio da Lusofonía que

Asinado o día 02/10/2025 ás
13:20
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 02/10/2025 ás
13:20
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

123302

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:23:06
Nº Rexistro: 35478
Data envío: 02/10/2025 13:23:06.086

marcaba a lei) e coñecer detalladamente que actividades están a facer desde a Consellería de Cultura para cumprir cos artigos da lei, é unha tarefa cheas de meandros e recovecos, xa que as “actividades” das que informan desde a Consellería de Cultura son accións que están previstas ao marxe da propia lei.

Ademais, a Consellería debe elaborar un informe anual pormenorizado sobre as accións de cumprimento da lei, cos custos e previsións para o exercicio seguinte, e remitilo ao Parlamento.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Vai a Consellería de Cultura incluír un orzamento específico para o cumprimento da Lei Paz Andrade con un relatorio específico de obxectivos?

Santiago de Compostela, a 2 de outubro do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

123303

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/10/2025 13:20:39

Aitor Bouza Manso na data 02/10/2025 13:20:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:23:06
Nº Rexistro: 35478
Data envío: 02/10/2025 13:23:06.086

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 13:23:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:23:06
Nº Rexistro: 35478
Data envío: 02/10/2025 13:23:06.086

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:43:34
Nº Rexistro: 35481
Data envío: 02/10/2025 13:43:34.914

Asinado o día 02/10/2025
13:41
Por Carmen Pomar T

Á Mesa do Parlamento

Manuel Santos Costa, Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través de Augas de Galicia, está a levar a cabo unha obra moi importante e de gran calado en Marín que porá solución ás escorrentías ao río Lameira tanto en momentos de choiva como de seca. O fin último é garantir un bo estado na calidade das augas.

É unha obra moi complexa desde o punto de vista técnico dado que na zona existe unha gran cantidade de tubaxes e sumidoiros que baixaban ao río e dos que non se tiña constancia ao ser uns traballos feitos no século XX.

O proxecto que se está desenvolvendo na actualidade e que está a avanzar, pese a ser unha obra que depende en bastante medida das condicións meteorolóxicas, mellorará moito o sistema de saneamento de Marín, que conta cunha rede moi extensa, de ata 140 quilómetros.

Pese ao gran esforzo investidor que está a facer a Xunta de Galicia con este proxecto e pese a que o obxectivo é dar un mellor servizo a unha poboación de máis de 9.8000 habitantes das parroquias de San Xián de Marín e Santa María do Porto, o Bloque Nacionalista Galego parece estar interesado en que estas obras estean verdadeiramente paralizadas.

É por iso que, ante as últimas noticias publicadas nos medios de comunicación ao respecto desta iniciativa, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular, formulan a seguinte pregunta:

- En que estado se atopan actualmente a execución das obras de mellora da rede de saneamento no río Lameira, en Marín?

Asinado o día 02/10/2025 ás
13:41
Por Manuel Santos Costa

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:43:34
Nº Rexistro: 35481
Data envío: 02/10/2025 13:43:34.914

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-oyhnoLSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Costa na data 02/10/2025 13:41:30
Gonzalo Trenor López na data 02/10/2025 13:41:41
Carmen Pomar Tojo na data 02/10/2025 13:41:49
María Deza Martínez na data 02/10/2025 13:41:56
José Luis Ferro Iglesias na data 02/10/2025 13:42:19
Cristina Campero Dorado na data 02/10/2025 13:42:30
Argimiro Marnotes Fernández na data 02/10/2025 13:42:44
Rubén Lorenzo Gómez na data 02/10/2025 13:42:56
Roberto Rodríguez Martínez na data 02/10/2025 13:43:13
Katherinie Varela Fernández na data 02/10/2025 13:43:22



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/10/2025 13:43:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 13:43:34
Nº Rexistro: 35481
Data envío: 02/10/2025 13:43:34.914

CSV: BOPGDSPG-oyhnlSXT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 35491
Data envío: 02/10/2025 14:19:56,299

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

O 19 de setembro de 2025 fixo dous anos que o noso portavoz, José Ramón Gómez Besteiro, defendía no Congreso en Madrid que o galego fose a lingua cooficial no Congreso.

Debatíase unha reforma do Regulamento do Congreso para permitir o uso das linguas cooficiais na Cámara.

